

Recordar, compartir, aprender

## Santiago de Compostela

M<sup>a</sup> Esther Fernández Lemos, 82 anos

Ana Abad de Larriva, 20 anos

### A VOLTAS CO RODICIO

*O cuarto de baño é pequerrecho, con paredes de azulexo branco. Unha lixeira reverberación e catro produtos na pía serven de ara ao espello. Sentínme intrusa, espectadora da secuela dunha película da que non vira a primeira parte. Naquela casa de mobles sobrios e paredes encaladas, reina o recordo. Unha memoria que se lía nos surcos que debuxaban os dentes brancos na base color carne, mergullados nun vaso de Nocilla e no cadro do neno labrego, pendurado nun curruncho do minúsculo salón.*

Un silencio musical cóase entre as aspas, arrebola que te arrebola. A auga do río Sarela decorre rebuldeira, por entre as rochas gastadas e cubertas dun brando tapiz verdeal. Tamén hai auga nos ollos húmidos de M<sup>a</sup> Esther Fernández Lemos, aló, agochada na fonda cunca de herbas de San Xoán. Custa distinguila, aínda que fixe a mirada nas meniñas do interlocutor. Como o que fan os que non teñen temor a nada, aínda que estean aferrollados. Seguiu un pequeno curso de costura cando nena, pero non aprendeu a desfacer os nos que teceu a anguria nos seus fíos internos. Vestida a infancia toda coma un corviño negro e medorento, filla única, orfa, e traballando arreo. “Meu pai marchou á Arxentina cando eu era un bebé. Soubemos da súa morte dous anos despois e puxémonos de loito”.

A chegada da guerra civil deixou cadáveres na cuneta, nas leiras da súa parroquia do Pino, preto de Lavacolla. “Pasáronche cousas moi feas, moi desagradables. Cerca da casa dos meus avós, nós estabamos nas rozas. A seis ou sete foron matándoos pouco a pouco, pouco a pouco. Protestantes, todos dunha mesma familia”. A xente laiábase, e ela tamén, porque na retina quedaron penduradas imaxes do terror que voltan dentro dela, aínda que eu non llas poida ver. “Foron momentos moi duros”. Como a pedra, redonda, luída, na que esmiuzaría o gran durante anos, aló no muíño, no barrio santiagués de san Lourenzo.

A forza motriz da auga que pasa pola esclusa forma burbullas na superficie. El pediu gasosa aquela primeira vez, no ultramarinos da súa tía, deixando unha marca nela. Como a impronta que se fai nos sacos do millo para medir os ferrados. Se o amor é froito dun conxunto de reaccións químicas, as de M<sup>a</sup> Esther e Antonio deberon de ser en cadea. Como as das desintegracións nucleares. Dezaseis veces un neutrón flaxelado provocou unha nova fisión. “Non houbo moito descanso”. Do seu calendario borráronse os festivos e as vacacións. O traballo no muíño e os meniños que troupeleaban por baixo das súas faldras enlamadas deixáronlle callos nas mans retortas e mágoa no corazón. Os salgueiros soltan bagullas de río cando o vento asubía forte, da auga que chucharon á corrente, como a que saloucaron as dúas veces que M<sup>a</sup> Esther perdeu un dos seus retoños. Un fatal accidente e a meninxite meteron o dedo no ollo dos choróns.

Carreiras clandestinas con corenta quilos de fariña na cabeza para escapar dos que castigaban o estraperlo, homes coa libido subida os que tivo que correr a paus e noites de vixilia de sarampelo debuxaron unha vida revolta. Tamén se mexen as súas mans e, ás vegadas, esqueceselle unha palabra, por mor do Parkinson. Pero no cadro da súa existencia ela non deu as primeiras pinceladas. “Fun seguindo o camiño que a vida elixira para min, sen ter nada que dicir da dirección”.

Hai un hotel de cinco estrelas a só 200 metros e, a menos de medio quilómetro de distancia, o sol de verán, adurmiñado, deseña sombras de pedra nos muros da catedral de Santiago de Compostela, centro de peregrinaxe mundial. En san Lourenzo segue a abanear o carballo e a xeadada orballa os campos de grelos pola mañá cediño. A chiruma do toxo saúda detrás dunha pedra e a silveira comeza a afroita-la mora. Vive soa, loitando,

Recordar, compartir, aprender

coma sempre. A casa de M<sup>a</sup> Esther xa non é aquela choupana á beira do muíño, construída no século XVI, sen luz e sen auga corrente, onde dezasete almas –o matrimonio, os catorce fillos e a avoa– se acaroaban ao lume da lareira. Pero segue a ser humilde, como toda ela. Aprendeuno do home. ‘Tedes que ser boíños coma santos e humildes coma años’. Non quere lembrar. Doe demasiado. Fai mal o bo, e morde o mau. Hai sete anos morreu o compañeiro pero non parou a cadea. Os reactivos seguen activos, nun amor que se toca máis nos xestos que nas palabras. Máis no como que no que. Os fillos fixeron todos carreira, grazas ao esforzo e a dedicación do matrimonio. Agora cada un vive a vida. M<sup>a</sup> Esther perde a conta dos netos e dos bisnetos que lle foi soltando a outra roda, a do tempo.

A mesa está limpa, coma o brillo do caldeiro de roupa que se reflicte na auga do río. Non hai manchas nos bordos da televisión, símbolo de avance. Só o po do gran das súas lembranzas fai que soe o nariz nun pano de flores vermellas. Doulle as grazas polo café, por tódalas conversas, e oféndese. A memoria non ten prezo. Vale millóns e non custa nada. Eu vou marchando, paseniño, polo corredor, e pecho a porta da rúa. A aldaba bate forte contra a madeira vella. Baixo as escadas e dentro, coma unha billa mal pechada, aínda se escoita o ruído da auga travesa que escorra polas entrañas do muíño, bañando os pensamentos no maxín de M<sup>a</sup> Esther.

## O IMPORTANTE DA VIDA

“Deixa máis dolor o feo có bonito. Porque vives aquel bo momento e ficas moi contenta, e cando se che acorda, si, que ben o pasei! Pero deixa máis pegada o que non vale do que vale”. É difícil arrincarlle unha cousa agradable a M<sup>a</sup> Esther, coma se as penurias que a apertaron durante os seus oitenta e dous anos lle tivesen levado a alegría do corpo. Aínda que sexa o sufrimento o que nos lembra que estamos vivos.

Tamén sorrí, sen excesos, cando lembra como vareou cun bastón un gandeiro que quería propasarse con ela, ou algunha das falcatuadas que lle facían os seus pequenos ao pai. “Unha vez o maior aproveitou que o meu home estaba durmido e cortoulle todo o billete de cen pesetas que tiña na carteira. E daquela éranche moitas pesetas!”, di cunha boca chea de buratos.

Valora a solidariedade da xente do seu tempo novo: os curas que se negaron a denunciar ao réxime franquista aqueles que non cumprían co precepto pascual, a axuda da súa nai para criar os seus dezaseis fillos... Pero hoxe xa non fica máis a porta aberta, como antes. “Haiche moita pillería e por iso se perdeu a confianza no próximo”.

Porén, a pesar da amargura que desbordou hai sete anos, tras a morte de Antonio, unha lucenza miúda derrete a neve das súas enrugadas cando olla a súa neta Carmaña. Ou cando prepara mil peperetadas para xuntar a toda a familia. “Xa non cociño ben”, comenta, modesta. “E os callos, mai, que?”, replica a súa treceava filla, dándolle un bico na meixela. E polo amor que se desprende de todo o corpo castigado de M<sup>a</sup> Esther, sería parvo seguir preguntándolle o que paga a pena na vida para ela.

## A VUELTAS CON EL RODICIO

*El cuarto de baño es pequeño, con paredes de azulejo blanco. Una ligera reverberación y cuatro productos en la pila sirven de ara al espejo. Sentíame intrusa, espectadora de la secuela de una película de la que no ví la primera parte. En aquella casa de muebles sobrios y paredes encaladas, reina el recuerdo. Una memoria que se lía en los surcos que dibujaban los dientes blancos en la base color carne, sumergidos en una pila de Nocilla y en el cuadro del niño labrador, colgado en un rincón del minúsculo salón.*

Un silencio musical se cuele entre las aspas, arroja que te arroja. El agua del río Sarela recorre juguetona, por entre las rocas gastadas y cubiertas de un blando tapiz verdeal. También hay agua en los ojos húmedos



de M<sup>a</sup> Esther Fernández Lemos, allá, escondida en el fondo de la taza de hierbas de san Xoán. Cuesta distinguirla, aunque fije la mirada en las niñas del interlocutor. Como lo que hacen los que no tienen temor a nada, aunque estén aferrollados. Siguió un pequeño curso de costura cuando niña, pero no aprendió a deshacer los que tejió la angustia en sus hilos internos. Vistió toda la infancia como un corpiño negro y miedoso; hija única, huérfana, y trabajando arreo. “Mi padre marchó a Argentina cuando yo era un bebé. Supimos de su muerte dos años después y nos pusimos de luto”.

La llegada de la guerra civil dejó cadáveres en la cuneta, en las fincas de su parroquia del Pendiente, cerca de Lavacolla. “Pasaron cosas muy feas, muy desagradables. En la valla de la casa de mis abuelos, mientras nosotros estábamos en las cocciones, llegaron con seis o siete y les fueron matando poco a poco, poco a poco. Todos eran protestantes de una misma familia”. La gente cayábase, y ella también, porque en la retina quedaron colgadas imágenes del terror que vuelven dentro de ella, aunque yo no se las pueda ver. “Fueron momentos muy duros”. Como la piedra, redonda, en la que desmenuzará el grano durante años, allá en el molino, en la barriada santiaguesa de san Lourenzo.

La fuerza motriz del agua que pasa por la esclusa forma burbujas en la superficie. Él pidió gaseosa aquella primera vez, en el ultramarinos de su tía, dejando una marca en ella. Como la impronta que si hace en los sacos del maíz para medir los herrados. Si el amor es fruto de un conjunto de reacciones químicas, las de M<sup>a</sup> Esther y Antonio debieron de ser en zuncho. Como las de las desintegraciones nucleares.

Dieciséis veces un neutrón flaxelado provocó una nueva fisión. “No hubo mucha meseta”. De su calendario se borraron los festivos y las vacaciones. El trabajo en el molino y los niños que traqueteaban por debajo de sus faldas enlamadas le dejaron callos en las manos retortas y lástima en el corazón. Los salgueiros sueltan lágrimas de río cuando el viento silba fuerte, del agua que chuparon a la corriente, como la que sollozaron las dos veces que M<sup>a</sup> Esther perdió uno de sus retoños. Un fatal accidente y la meningitis metieron el dedo en el ojo de los llorones.

Carreras clandestinas con 40 kilos de harina en la cabeza para escapar de los que castigaban el estraperlo, hombres con la libido subida los que tuvo que correr a palos y noches de vigilia de sarampión dibujaron una vida revuelta. También si meen sus manos y, a las vegadas, se le olvida una palabra, a causa del Parkinson. Pero en el cuadro de su existencia ella no dio las primeras pinceladas. “Fui siguiendo el camino que la vida había elegido para mí, sin tener nada que decir de la dirección”.

Hay una villa de cinco estrellas a sólo 200 metros y, a menos de medio kilómetro de distancia, el sol de verano, adormilado, diseña sombras de piedra en los muros de la catedral de Santiago de Compostela, centro de peregrinaje mundial. En san Lourenzo sigue la abanear, el roble y la helada, orvalla los campos de grelos por la mañana cediño. La chiruma del tojo saluda detrás de una piedra y el zarzal comienza a florecer la mora. Vive sola, luchando, como siempre.

La casa de M<sup>a</sup> Esther ya no es aquella chabola al borde del molino, construida en el siglo XVI, sin luz y sin agua corriente, donde 17 almas -el matrimonio, los 14 hijos y la abuela- se arrimaban al fuego del hogar. Pero sigue siendo humilde, como toda ella. Lo aprendió del hombre.

“Tenéis que ser buenos como santos y humildes como corderos”. No quiere recordar. Duele demasiado. Hace mal el bueno, y muerde el malo. Hace siete años murió el compañero pero no paró la cadena. Los reactivos siguen activos, en un amor que si toca más en los gestos que en las palabras. Más en el como que en el que. Los hijos hicieron todos carrera, gracias al esfuerzo y la dedicación del matrimonio. Ahora cada uno vive la vida. M<sup>a</sup> Esther pierde la cuenta de los nietos y de los bisnietos que le fue soltando a otra rueda, la del tiempo.

La mesa está limpia, como el brillo del cubo de ropa que se refleja en el agua del río. No hay manchas en los bordes de la televisión, símbolo de avance. Sólo el polvo del grano de sus recuerdos hace que se suene la nariz en un paño de flores rojas. Le doy las gracias por el café, por todas las conversaciones, y se ofende. La memoria no tiene precio. Vale millones y no cuesta nada. Yo voy marchando, poco a poco, por el pasillo,



y me paro en la puerta de la calle. La aldaba topa fuerte contra la madera. Bajo las escadas y dentro, como un grifo mal cerrada, aún si escucha el ruido del agua traviesa que resbala por las entrañas del molino, bañando los pensamientos en el magín de M<sup>a</sup> Esther.

## **LO IMPORTANTE DE LA VIDA**

“Deja más dolor el feo que el bonito. Porque vives aquel buen momento y quedas muy contenta, y cuando si te acuerda, sí, que bien lo pasé! Pero deja más huella el que no vale del que vale”. Es difícil arrancarle una cosa agradable a M<sup>a</sup> Esther, como si las penurias que apretaron durante sus 82 años le hubiesen llevado la alegría del cuerpo. Aunque sea el sufrimiento lo que nos recuerda que estamos vivos.

También sonríe, sin excesos, cuando recuerda como vareó con un bastón a un ganadero que quería pasarse con ella, o alguna de las travesuras que le hacían sus pequeños al padre. “Una vez el mayor aprovechó que mi hombre estaba dormido y le cortó todos los billetes de cien pesetas que tenía en la cartera. Y de aquella eran muchas pesetas!”, dice con una boca llena de agujeros.

Valora la solidaridad de la gente de su tiempo nuevo: los curas que se negaron a denunciar al régimen franquista aquellos que no cumplían con el precepto pascual, la ayuda de su madre para criar sus 16 hijos... Pero hoy ya no queda más la puerta abierta, como antes. “Hay mucha pillería y por eso se perdió la confianza en el prójimo”.

Sin embargo, a pesar de la amargura que desbordó hace siete años, tras la muerte de Antonio, una luz derrite la nieve de sus arrugas cuando nombra a su nieta Carmiña; O cuando prepara mil peperetadas para juntar a toda la familia. “Ya no cocino bien”, comenta, modesta. “Y los callos, madre, que?”, replica su hija treceaba, dándole un beso en la mejilla. Y por el amor que se desprende de toda la cabeza castigado de M<sup>a</sup> Esther, sería tonto seguir preguntándole lo que merece la pena en la vida para ella.